



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE AGOSTO DE 2012

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dous de agosto de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 5 DE XULLO DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL

3º-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á SUPRESIÓN DALGUNHAS FUNCIONS QUE SE REALIZAN A TRAVÉS DOS REXISTROS DA PROPIEDAD

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 5 DE XULLO DE 2012.

***Sr. Alcalde:** Boa tarde a todos e benvidos á sesión ordinaria do pleno do concello da Estrada correspondente ó mes de agosto. A orde do día desta sesión plenaria comeza ca parte resolutoria e o primeiro punto é aprobación, se procede, da acta corresponde á sesión plenaria celebrada o día 5 de xullo de 2012. ¿Hai algunha alegación á acta?. Pois entónce aprobámola por unanimidade.*

Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 5 de xullo de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcrición ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL

***Sr. Alcalde:** Segundo punto, aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativa á modificación da Lei de Bases de Réxime Local. Ten a palabra o voceiro do goberno para expoñer a parte resolutoria. Eu creo que podemos ler a parte resolutoria e posteriormente se queredes abrir debate abrimolo e se non votámolo.*

***Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Ben, na sesión celebrada pola Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais do 26 de xullo de 2012 ditaminouse favorablemente o asunto relativo á reforma de Lei de Bases de Réxime Local que di textualmente: “rexeitar as medidas de Reforma da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local adoptadas polo Goberno do Estado, defender unha Reforma do Réxime Local froito do consenso, que xurda do debate político Estado-CCAA-Corporacións Locais, representadas estas últimas pola FEGAMP e a FEMP , rexeitar calquera reforma da Lei de Bases de Réxime Local que non aborde en*

profundidade o debate sobre as competencias municipais e o seu financiamento axeitado, dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno do Estado, ao Goberno da Xunta de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEGAMP e da FEMP. E para que conste aos efectos oportunos a trinta de xullo de dous mil doce”.

Sr. Alcalde: *Moi ben, pois lido o texto do acordo, chegado por consenso polas tres forzas políticas, algunha intervención? Pois se non hai ningunha intervención apróbase por unanimidade.*

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

1º.-Rexeitar as medidas de Reforma da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local adoptadas polo Goberno do Estado.

2º.-Defender unha Reforma do Réxime Local froito do consenso, que xurda do debate político Estado-CCAA-Corporacións Locais, representadas estas últimas pola FEGAMP e a FEMP.

3º.-Rexeitar calquera reforma da Lei de Bases de Réxime Local que non aborde en profundidade o debate sobre as competencias municipais e o seu financiamento axeitado.

4º.-Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno do Estado, ao Goberno da Xunta de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEGAMP e da FEMP.

3º-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á SUPRESIÓN DALGUNHAS FUNCIÓNS QUE SE REALIZAN A TRAVÉS DOS REXISTROS DA PROPIEDAD

Sr. Alcalde: *Punto número terceiro, aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativo á supresión dalgunha funcións que se realizan a través dos rexistros da propiedade. Tamén é unha proposta xurdida do acordo das tres forzas políticas, na Comisión Informativa. Procede a dar lectura o voceiro do goberno e posteriormente se alguén quere facer uso da palabra terá dereito a un turno de intervención.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *De forma unánime ditaminouse favorablemente na Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais o asunto relativo á supresión dalgunhas funcións que se realizan a través dos rexistros da propiedade. O seguinte Acordo di así: “Instar á Xunta de Galicia a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistros da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, a que se renoven os convenios asinados ata agora. Instar á Xunta de Galicia a seguir traballando co obxectivo de facilitar aos cidadáns, en términos equivalentes e no seu ámbito territorial, a realización dos distintos procedementos burocráticos (administrativos, fiscais, laborais...), avanzando na tramitación e xestión telemática. E terceiro, solicitar que se*

manteñan os servizos de proximidade aos cidadáns, traballando dende a Xunta de cara á prestación dos mesmos, e evitando a súa retirada nos Concellos nos que se veñen prestando.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas. Algunha intervención sobre este punto? Pois polo tanto procedemos á súa aprobación por unanimidade.*

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

1º.-Instar á Xunta de Galicia a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistros da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, a que se renoven os convenios asinados ata agora.

2º.-Instar á Xunta de Galicia a seguir traballando co obxectivo de facilitar aos cidadáns, en términos equivalentes e no seu ámbito territorial, a realización dos distintos procedementos burocráticos (administrativos, fiscais, laborais...), avanzando na tramitación e xestión telemática.

3º.-Solicitar que se manteñan os servizos de proximidade aos cidadáns, traballando dende a Xunta de cara á prestación dos mesmos, e evitando a súa retirada nos Concellos nos que se veñen prestando.

Sr. Alcalde: *Antes de pasar á parte de control da xestión, algún grupo municipal ten algunha moción de urxencia que presentar?. Ten a palabra señor Magariños para xustificar a urxencia da moción.*

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) MOCIÓN DO BNG, RELATIVA Á REVOGACIÓN DOS RECIBOS DO IBI DE URBANA DO ANO 2012 E SEGUINTE DO PROXECTO SECTORIAL CIDADE DO MOBLE DA ESTRADA

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *A situación dos terreos de Lagartóns no que vai a ser coñecido como A Cidade do Moble (como todos sabemos pola xuntanza que mantiveron os afectados cos diversos grupos políticos que formamos esta corporación municipal), é que pasan a pagar os recibos do IBI como terreos industriais pero que a día de hoxe non son tales terreos industriais. Este punto xa se tratou nun pleno e a urxencia ven motivada porque están aí a caer os recibos e como tal a pagalos, como moi tarde creo que no mes de setembro. Entón aí ven esta moción de urxencia na que solicitamos a revogación dos citados recibos, dos citados bens en función do artigo 216 da Lei Xeral Tributaria e do artigo 219 da mencionada Lei.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, como comenta o señor Magariños, este goberno tivo coñecemento tamén da presentación dun escrito por parte dos veciños que hoxe unha parte deles están aquí presentes nesta sesión plenaria para pedir, coincidindo cos argumentos e ademais vexo que o BNG trae os deberes feitos, coa moción preparada. Nós tivemos coñecemento agora escasos*

minutos antes da sesión plenaria, da presentación deste escrito. Mantivemos reunións cos veciños tamén nos últimos meses e como ben vostede sabe señor Magariños, este é un tema que ten contido económico, contido orzamentario, ademais é un tema onde o pleno non se pode posicionar sen os debidos ditames a unha proposición, a unha moción que ten un contido económico importante. É unha decisión sobre unha revogación que terán que posicionarse os técnicos municipais sobre a súa legalidade. Polo tanto, sabe vostede perfectamente que ese tipo de acordos non se deben tomar, por prudencia, sen o debido trámite e sen os debidos informes municipais. Nós non temos ningún tipo de problema, ó contrario, en facer unha comisión nun prazo corto de tempo, onde os propios técnicos municipais, interventor e secretario poidan analizar as responsabilidades xurídicas derivadas desa moción. Nós non podemos tomar ese acordo alegremente, saltándonos á torera a tramitación ou a fase de instrución dun expediente dese calibre que, ademais ten, como dicía antes, un compoñente económico e como ben sabe ademais vostede, eses terreos, independentemente de que nós poidamos estar ou non a favor da valoración que se fai, sabe vostede (e ós veciños tamén así llelo explicamos) que é unha valoración que fai o Ministerio de Facenda: Catastro fai unha valoración sobre eses terreos, unha valoración proporcional ó grao de desenvolvemento que ten ese polígono. Actualmente está valorado como un solo urbanizable sen desenvolver, hai unha valoración actual, a superficie bruta sen urbanizar a data de hoxe, que é o importe que se lle establece nos recibos actualmente. Posteriormente hai unha actualización, unha serie de valores que van incrementando o seu valor a medida que se vaian desenvolvendo os proxectos de expropiación, urbanización, apertura de viales e construción e edificación de naves. Sabe vostede perfectamente que ese é o sistema no que, cando hai unha recalificación urbanística porque aquí estamos falando dunha recalificación, estamos falando duns terreos rústicos a uns terreos urbanizables, eses terreos teñen unha expectativa urbanística que non teñen os rústicos e polo tanto hai unha nova ponencia, unha nova actualización e un novo valor catastral. O mesmo que nós vimos defendendo dende fai moito tempo, en contra da postura do BNG, do que vai a pasar ca aprobación do Plan Xeral. O BNG di que o Plan Xeral vai a ser a solución ó problema das sobrevaloracións catastrais e nós dicimos que o Plan Xeral vai ser o principio do problema das actualizacións catastrais. É aí onde realmente vamos a ver unha actualización de valores a prezos reais comparada coa actualización que temos agora do ano 96. Pois isto é un exemplo claro, o que está pasando coa Cidade do Moble, en menor escala, do que vai a pasar co Plan Xeral. O Plan Xeral tamén, o día que se aprobe (que esperemos que sexa pronto) vai a clasificar uns solos urbanizables delimitados, non delimitados, uns urbanos consolidados que non se van a desenvolver porque non hai presión urbanística, pero que van a ter que pagar o IBI en función das expectativas que poidan desenvolver edificatorias nos seus terreos. Como hai unha recalificación deses terreos, evidentemente hai un incremento de valor por esas expectativas maiores e polo tanto van a ter que tributar en función desas expectativas. Pero esa é a Lei Tributaria, punto, non hai máis voltas que darlle. Podemos facer as xestións, este goberno lle remitiu xa a Catastro un informe técnico do perito municipal solicitando unha actualización deses valores. Como ben sabe vostede moitas propiedades do solo urbano da Estrada que están nas normas subsidiarias do ano 78 como urbanizables, están pagando como urbanizables o IBI no concello da Estrada. Están nunha situación todavía peor que estas e estanse pagando. Entón este é un tema de actualización catastral, é un tema de valores catastrais, imos poñer o noso empeño en intentar solucionar esta problemática, pero sabe vostede que unha exención xeralizada non está permitida por lei; e sabe vostede a limitación que ten calquera goberno municipal, que lle imponen os valores catastrais a través dunha ponencia e que lle imponen o tipo impositivo a través dunha Lei, dun Decreto-Lei que é o 0,5, pouco podemos facer, neste caso. E polo tanto, entendo que temos que buscar alternativas; eu creo que tódolos grupos políticos nos mostramos favorables a intentar buscar algún tipo de solución, se a hai, a nivel municipal, aínda que a capacidade que temos aquí a nivel deste tributo é bastante limitada ou nula, pero creo que tomar un acordo nestes momentos nun tema como este, que pode ser contrario á lei e que pode vincular a esta corporación municipal, desde logo este grupo político creo que é bastante pouco sensato neste momento. Creo que o que

debemos é valorar, cos informes pertinentes, e no momento que os teñamos (máis pronto que tarde e se pode ser a semana que ven que non sexa a seguinte) facer os trámites oportunos e pasalo por comisión para que tamén os técnicos municipais nos digan se o acordo que estamos tomando se é ilegal ou é legal. Porque sabe vostede que no último que se tomou a bonificación do 37% votou o BNG, os tres votos do BNG, as abstencións do resto dos grupos políticos porque era un acordo ilegal naquel momento. Non foi recorrido, pero era ilegal. Estamos ante unha situación parecida que desde logo o que non podemos cometer é un acto que vaia máis alá dos límites da legalidade. Eu estou pola labor de chegar ós límites da legalidade, intentar buscar a alternativa que sexa mellor para os veciños tendo en conta unha cousa, que un veciño que tivo unha finca que lle quedou dentro da Cidade do Moble ten unha expectativa superior a un veciño que ten unha finca que lle quedou fora da Cidade do Moble, aínda que sexan lindantes. E polo tanto, o veciño que a ten dentro algún día terá unha expectativa e ten un valor porque vai a poder facer máis e vai poder ter un aproveitamento lucrativo maior que o que lle quedou xusto no límite fóra do proxecto da Cidade do Moble. E iso é unha realidade. E non é xusto, é de inxustiza social que pague o mesmo o lindeiro que queda fóra que o lindeiro que queda dentro. E como vostede sabe que iso é unha grande inxustiza e polo tanto podemos actualizar os valores que, de feito xa están actualizados, os valores están actualizados a data de hoxe sen urbanización, cunha valoración creo recordar aproximadamente de 12 euros/metro², de valor bruto sobre o valor actual, que se vai incrementando a medida que o proxecto se vaia desenvolvendo, ou que se vaian abrindo os viais con, en teoría, investimento público, que será quen desenvolva ese polígono e quen incremente de valor ese polígono, investimento público para o desenvolvemento urbanístico e apertura de viales. Polo tanto, busquemos un punto de equilibrio, intentemos buscar unha solución. Pero xa o digo, e o digo publicamente, este goberno o apoiará sempre que estea dentro da legalidade, das posibilidades que teñamos á hora de establecer un acordo que sexa legal e que non sexa discriminatorio con outras persoas que están en situacións parecidas e que desde logo non ven recompensada esta situación. Polo tanto, eu proponho que se leve á comisión informativa e que o debatamos cos informes oportunos.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Eu pensei que íamos agora debater a urxencia, se me permite aclararlle, a urxencia da moción. Non o fondo da moción, porque si entramos no fondo da moción eu explicáballe outros argumentos, pero si empezamos así, podo empezar de cero e explicar o fondo da moción. Ou unha vez que votemos a urxencia ou a non urxencia desta moción eu explicolle os meus argumentos. Para aprobar a revogación ten que haber un órgano competente que aprobe o inicio do expediente. Unha vez que ese órgano competente, neste caso ten que ser distinto do que aprobou a ponencia de valores anterior, que creo que foi a xunta de goberno, entón non pode ser a xunta de goberno quen decida iniciar o expediente para levar a cabo a revogación; este inicio de expediente implica un informe dos técnicos municipais, pero primeiro hai que dar inicio a ese expediente e ten que ser o pleno, que é órgano distinto o que aprobou a ponencia para iniciar ese expediente. Unha vez que o pleno decide iniciar este expediente, comeza polo informe dos técnicos pero, a partir de aí se decide se a revogación é pertinente ou non. Pero non estou pedindo que xa agora, eu xa sei que hai uns procedementos que regula o artigo 219 desta lei, onde di que o órgano competente do inicio do expediente, o primeiro paso é solicitar informes ós técnicos municipais pero primeiro teremos que aprobar no pleno municipal iniciar o expediente porque senón non ten lóxica.*

Sr. Alcalde: *Señor Magariños a vostede fáltalle o principio. Olvidase do principio que é previa constitución dun expediente. Na tramitación plenaria, para este goberno é moito mellor, aforramos os custes das comisións e traemos os asuntos que o alcalde considera oportuno na orde do día do pleno. Se lle parece así, tomamos o acordo hoxe. Se non, evidentemente sabe vostede que hai unha tramitación, ou non?. Ben, e a tramitación para aprobar unha moción en pleno cal é o asunto previo que ten que haber? Comisión informativa cos ditames e cos informes pertinentes, si ou non? Si ou non?*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Non, perdóeme, pódense presentar mocións por urxencia, pódense presentar mocións por urxencia. Pódese, en función (que é o que estamos debatendo aquí) se é urxente ou non. A moción por urxencia non ten por que pasar por comisión. O que lle estou solicitando e o que estou solicitando a este pleno é iniciar o expediente, iniciar os trámites para o expediente, e este traballo iniciase co informe dos técnicos pero, previamente a corporación municipal ten que decidir, ten que dicir que se inician os trámites, que é o que lle estou pedindo. Primeiro, a urxencia da moción e o seguinte paso, unha vez que decidimos os compoñentes do pleno municipal se é urxente ou non é urxente, porque se non é urxente ten que ir a comisión, e é onde se inicia.

Sr. Alcalde: Señor Magariños non se preocupe, fagamos unha cousa, votamos a urxencia da moción e debatemos a moción. Se é o que vostede quere e unha vez que debatamos a moción, xa lle digo a proposta que vai facer este goberno é, como é regulamentario, e vostede o sabe, pasalo por comisión informativa. Presente vostede a moción, o que non parece xusto é que nós teñamos coñecemento dunha moción que ten repercusións xurídicas, no mesmo día, cinco minutos antes do pleno que se nos faga chegar e que vostede, casualmente, traia unha moción preparada, xa enlatada para este pleno. Supoño que tería coñecemento fai uns días e podía habela presentado por rexistro para poder debaterse. Supoño que tería tempo. Se non se fixo é porque está xogando vostede a unha estratexia, que me parece lexítima en política; agora, eu creo que aquí non debe haber estratexias. Se queremos axudar ós veciños estamos dun lado, se queremos facer unha representación política aquí, se queremos facer que facemos.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Se eu tivera á miña disposición os técnicos municipais e catro persoas liberadas, un grupo de once persoas, ó mellor tiña isto preparado antes. Hoxe pola mañá estiven aquí pedindo uns informes, que non se sabe onde están. Se eu tivera a capacidade de traballo que pode ter o grupo de goberno, o tería antes.

Sr. Alcalde: Señor Magariños, non se enroque máis no seu argumento, que vostede é concelleiro deste concello e non se desculpe na capacidade que ten, porque vostede é un concelleiro e este goberno ten once. Polo tanto algunha representatividade terá; vostede ten que facer o traballo como representante do BNG que é, se non lle da tempo pois terá que facelo á hora que vostede estime oportuno porque é o traballo que lle encomendaron os seus votantes e os seus veciños. Polo tanto eu o que lle digo é que votemos a urxencia, non hai problema ningún. Sigamos o cauce regulamentario, porque sabe vostede que unha moción como a que se pode debater instando a un organismo, como poderemos ver despois ao tema do sector lácteo, é unha moción que non ten repercusións xurídicas a nivel municipal; pero aquí estamos tomando unha decisión que, sabe vostede que antes que levala a pleno ten que pasar por comisión informativa. Sábeo vostede, outra cousa é que non o queira recoñecer, o cal, desde logo, non o deixa en moi boa posición, pero como concelleiro debe saber como é o sistema para poder tramitar os expedientes nos plenos da corporación municipal e necesariamente deben levar un informe e un trámite previo en comisión informativa. Pódense presentar por vía de urxencia pero cando teñen repercusión xurídica, como é este caso, aquí non podemos tomar un acordo que sexa ilegal. Hoxe poderíamos tomar un acordo por urxencia sen os informes técnicos de pagarlle ós funcionarios catro extras no mes de decembro?, sería legal?. Estaríamos cometendo unha ilegalidade. Para iso é preceptivo os informes previos dos técnicos para saber se os acordos que se toman son legais ou non o son. Como neste caso hai unha responsabilidade e unha repercusión xurídica, levémolo a comisión informativa, analicémolo e este goberno non ten problema ningún, se hai unha vía legal de apoiar calquera vía legal que permita paliar a situación actual que teñen os veciños con propiedades no Proxecto da Cidade do Moble. Así que se lles parece votamos a urxencia e entramos no fondo da cuestión.

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Repítolle: eu o que lle estou pedindo a este pleno é que se inicie o procedemento para levar a cabo, se os informes técnicos municipais así o din (de tódolos xeitos hai moito que discutir sobre iso tamén), pero se os informes técnicos permiten levar a cabo a revogación. Que eu sepa, non ten que haber un informe previo dos técnicos para que o pleno decida iniciar un trámite dun expediente determinado. O pleno será despois, o pleno ou a comisión será a que terá que pedir despois os informes técnicos pertinentes ós técnicos, non?. Non previamente que un técnico teña que informar, sen tomar un acordo de iniciar un expediente. Me parece algo absurdo. Que é o que lle estou pedindo, iniciar o trámite para levar a cabo a revogación. Este trámite leva tomar ese acordo sen os informes técnicos previos, iso xa o sei.*

Sr. Alcalde: *Ten a palabra, Sra. Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, alegrámonos moito de que se nos dea a palabra. En primeiro lugar vamos a falar da urxencia da moción, urxencia da moción que se houberamos falado antes diríamos que a entendemos e que a compartimos, posto que como saben os veciños e as veciñas da Estrada, os propietarios dos terreos en Lagartóns, do que nun futuro será a Cidade do Moble, están a sufrir nestes momentos unha situación que é unha situación inxusta, ¿unha situación inxusta por que? Porque falabamos de expectativa urbanística, expectativa urbanística si, pero estamos falando do futuro e temos que ver a situación actual tal e como está. A subida do IBI para tódolos cidadáns, isto vai a ter unha repercusión importante porque hai unha diferenza importante. Dicia antes o alcalde que o PXOM traerá aparelada unha nova valoración que vai cambiar as expectativas de moitos terreos, é certo que si; pero a diferenza está precisamente niso, que o Plan Xeral permitirá construír, será unha valoración sobre algo de expectativas reais que permita construír e os propietarios destes terreos, dos que estamos a falar agora mesmo, teñen unha valoración en algo que non poden usar. Non se pode construír tal e como está agora mesmo, e estamos a falar dun futuro, pero dun futuro perdido no horizonte, desgraciadamente, e do que non sabemos como se vai trasladar á realidade. Polo tanto, urxencia desta moción si, urxencia si porque canto antes iniciemos este expediente, no que se pidan os informes municipais, os informes económicos e xurídicos que poidan avalar que este pleno como máximo órgano de decisión do concello adopte unha medida, unha medida que faga unha revisión puntual e individualizada destes terreos, medida que está amparada pola Lei Tributaria. Polo tanto, desde logo, e sen querer ensarillarnos en moito máis, porque desde logo acabamos de asistir a un debate un pouco, vouno a deixar en estraño, por non calificalo doutro xeito, e surrealista, no que dende logo, estabamos aquí, tiñamos representación, tiñamos opinión e non podíamos falar. Desde logo, como dicíamos, urxencia si, e desde logo informes por suposto, pero hai que ver a posibilidade, que este concello ten esa posibilidade amparándose na lei, e hai que ver como se aplica o antes posible para que estes veciños afectados vexan que a súa situación non sexa prexudicial nestes momentos de carencia económica, nestes momentos de crise. Polo tanto, sen querer ensarillar máis o tema, dicir simplemente que vamos apoiar que se leve adiante, que se acepte, (entendemos) esta moción que pide que se inicie este expediente para (facendo os análises pertinentes, os informes pertinentes), que se leve por comisión, como todos sabemos que é de recibo, e que se traia a un pleno onde se adopte esta decisión. Non hai que darlle mais voltas, nin ensarillarse, nin discutir, nin poñerse colorado á hora de facelo. Entendemos polo tanto que esta moción vía urxencia, que é o que se trae a este pleno e que se inicie este expediente. Polo tanto, este grupo vai apoiar ese expediente porque entendemos que a situación actual como dicía é unha situación de inxustiza cos propietarios posto que si, a expectativa*

urbanística si, pero no futuro, nestes momentos, a realidade é a que é e o proxecto está parado. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Señor Magariños, se ten vostede a ben, se lle deu tempo para preparala, de dar unha copia a cada grupo político para ver a moción, nós descoñecemos esa moción, non temos a sorte de poder coñecela, polo tanto é difícil debater sobre algo que non se coñece, Ben, pois como vostede entende e vostede sabe, o texto da moción non se pode aprobar tal cual vostede o presenta, o que está dicindo é unha cousa e o que solicita é outra distinta. Vostede fala de iniciar, de tomar o acordo de iniciar os trámites. Vostede aquí o que solicita é proceder á revogación dos recibos ...si é que está un pouco tenso. O ROF, o Regulamento Orgánico de Funcionamento di que no suposto de que se trate de asuntos non incluídos no orde do día que requiran informe preceptivo de Secretaría ou de máis alá, deberá ser obxecto de informe municipal e deberá ser obxecto de trámite e debate nas comisións informativas para poder sometelo a pleno. Polo tanto, o que si podemos facer é, é un tema que podemos acordar e desde logo vai a ter o apoio deste grupo político cando, como unha moción, considerablemente e substancialmente distinta á moción que vostedes presentan, que é inasumible. Xa non por este goberno, se non por ningún dos concelleiros que está nesta corporación municipal, porque é ilegal. Así que esa é a proposta e se vostedes aceptan podemos tomar ese acordo.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Pero eu xa lle digo, eu se quere...*

Sr. Alcalde: *Perdoe, pediu a palabra a voceira..., estoulle dicindo que está vostede hoxe un pouco nervioso, nunca se precipita no uso da palabra. Ten a palabra a voceira do partido socialista que foi quen solicitou o seu uso da palabra.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Alcalde desculpe pero, creo que hai comentarios que non proceden neste pleno pero bueno, non vamos a falar de nerviosismo porque daría para moito, o mellor para unha tese incluso. Nós entendemos, dende o noso grupo entendemos que o representante do BNG neste concello xa reformulou oralmente, tal e como lle permiten as leis, xa reformulou esta proposta, esta moción, falando de iniciar o expediente. En todo caso, nós entendemos que o que se está a debater agora mesmo é unha moción na que se pide iniciar de inmediato un expediente para estudar a posibilidade de revogación dos recibos dos impostos de bens, como nos formulaba o compañeiro, que iso unha vez recabados ditos informes, punto numero dous, preceptivos, se convoque a correspondente comisión. E estamos a falar de convocar un pleno ó que se leve este tema. Dende logo ente grupo entendeu xa no debate que houbo aquí. Non sei se uns non falan ben ou outros non queren escoitar ou que está a pasar, non nos entendemos por ser agosto, igual a alguén nos deu moito o sol, non o sei, pero entendemos que esa reformulación xa está feita. Pero bueno, nós entendemos que o que se vai a votar aquí é esa proposta, iniciar de inmediato un expediente para estudar a posibilidade de revogar os recibos, recabar, por tanto, os informes pertinentes e convocar un pleno a efecto de debate do mesmo. Grazas.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, pois entón, a proposta que se fai, que facemos de acordo é para tomar o acordo para “iniciar o expediente para estudar, recabados os informes pertinentes, sobre a posibilidade de proceder á revogación dos recibos do Imposto de Bens Inmóveis de Urbana correspondentes ao exercicio 2012 e seguintes, mentres non haxa compromiso en firme por parte da administración galega para a construción do Proxecto Sectorial Cidade do Moble da Estrada”. Esa é a proposta do acordo que procedemos entón a votar.*

Finalmente, e consensuado polos tres grupos o seu texto, adoptase por unanimidade o seguinte Acordo:

Iniciar o expediente para estudar, recabados os informes pertinentes, a posibilidade de proceder á revogación dos recibos do Imposto de Bens Inmóveis de Urbana correspondentes ao exercicio 2012 e seguintes, mentres non haxa compromiso en firme por parte da administración galega para a construción do Proxecto Sectorial Cidade do Moble da Estrada.

B) MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO DE APOIO Ó SECTOR LEITEIRO GALEGO POLA SÚA CONDICIÓE ESTRATÉXICA NO CONXUNTO DA ECONOMÍA GALEGA

***Sr. Alcalde:** Algunha outra moción fora da orde do día? Ten a palabra Sr. Blanco.*

***Sr. Blanco Carracedo, do PP:** No pasado día 30 celebrouse, convocada polas organizacións profesionais agrarias (Unións Agrarias, Unións Agricultores e Sindicato Labrego Galego), unha reunión onde convocou a tódolos alcaldes da comarca de Tabeirós-Terra de Montes e do Deza, onde se decidiu elaborar unha moción de apoio en todos e cada un dos concellos das comarcas, e facelo nun pleno extraordinario o venres, mañá día 3. Nós, aproveitando que había este pleno, decidimos traelo, tal e como se lle comunicou ós portavoces no día de hoxe.*

***Sr. Alcalde:** Moi ben, teñen copia ou teñen, polo menos, a parte resolutiva desa moción? Si hai algunha intervención con respecto a esta moción, ó respecto da urxencia, porque debatemos a urxencia. Pois procedemos á votación.*

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto sendo aprobada por unanimidade.

***Sr. Alcalde:** Algunha intervención sobre o fondo da cuestión? Ten a palabra, señor Magariños. Señor Magariños conecte o micrófono, por favor.*

***Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Aínda que no fondo a compartimos, aparte de que aquí tamén habería moito que discutir sobre formas en política; en política hai que gardar as formas, en como se levou a cabo esta moción, esta reunión; porque si se pide o apoio de tódalas forzas políticas que forman parte dos distintos plenos da comarca, o normal é que se reúnan con tódalas forzas políticas presentes na comarca e non chegar a un pleno con esta moción. Nós presentamos oito emendas de substitución e se quere pásollas a ler porque realmente este acordo que se nos presenta, pois non di nada; é unha mera declaración de intencións pero non incide directamente nos problemas que ten o agro, problemas que ten derivados de decisións políticas, porque isto non foi sempre así, non hai máis que recordar que entre o ano 2006 e 2009, os gandeiros galegos cobraban un prezo digno que lles cubría polo menos custes e algo máis, non como agora. Que hai empresas de distribución do leite que levan importantes subvencións do goberno galego e están utilizando esta política de prezos do leite pola baixa como reclamo, algo que o sector sempre se opuxo a el. Punto número tres, retomar o funcionamento do Observatorio do Sector lácteo como instrumento para a análise da evolución das diferentes variábeis económicas e comerciais que condicionan o sector lácteo, poñéndoo a disposición do sector para que os seus índices e indicadores sirvan de base aos acordos entre as partes. Punto catro, renovar a vixencia dos contratos homologados en Galiza e propiciar a través de todos os instrumentos dos que*

dispón a Xunta de Galiza a súa extensión ao conxunto do sector. Punto cinco, adoptar as medidas necesarias para que os proxectos empresariais do sector lácteo que contan co apoio económico e institucional da Xunta de Galiza non comercialicen leite a prezos que non garantan a percepción, polos produtores e produtoras, de prezos que remuneren os seus gastos e o seu traballo e que ademais tiran á baixa os prezos do conxunto do sector. Punto seis, impulsar un funcionamento efectivo do Banco de Terras orientando a súa actuación a impulsar aqueles proxectos vinculados co incremento de base territorial das explotacións lácteas e a eliminar todas as medidas que acaben permitindo a forestación de terras con vocación ou aptitude agraria. Punto sete, reforzar e incrementar os recursos destinados ás medidas de axuda ao sector lácteo, nomeadamente os orientados á modernización das explotacións. E punto 8, Reclamar do Goberno do Estado a utilización de todos os mecanismos legais para impedir a importación de leite foráneo tanto pola industria como pola distribución para evitar convertermos en sumidoiros dos seus excedentes a costa da ruína dos nosos produtores e produtoras.

Neste intre abandona a sesión plenaria o concelleiro do PSdeG-PSOE D. Manuel Otero Espiño.

Debido a problemas técnicos na grabación do son, partires deste intre, e ata a votación da urxenza do seguinte asunto (o relativo á supresión da paga extra de Nadal 2012 de Concelleiros con dedicacións e persoal de confianza), non resulta posible reproducir en todo caso e con completa exactitude as intervencións dos Concelleiros.

Sr. Alcalde: *Moitas grazas Sr. Magariños. Ten a palabra Sra. Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, vamos a ver, estamos a falar dunha moción que, como dicía o representante do BNG é unha moción que os sindicatos, os tres sindicatos agrarios principais. Hai outras moitas medidas nas que se poden facer, xa non só na Xunta de Galiza, como dicía o representante do BNG, se non do Ministerio e, desde logo, esixindo en Europa que se faga outro tipo de reparto e que se teñan en conta os diferenciais de prezo, de produción e demais. Polo tanto, desde este grupo si vamos apoiar esta moción porque entendemos que é un punto de encontro entre tódolos sindicatos, punto de encontro necesario para que o sector do campo galego poida medrar, mellorar e desde logo loitar en igualdade de competencias. Que hai moitas cousas que facer, si, e que cando se nos pida apoio para outra moción máis ambiciosa e que se nos pida máis cousas concretas o daremos.*

Procédese neste intre a votar a emenda proposta polo BNG. A súa introdución resulta rexeitada con un un voto a favor (BNG), 11 votos en contra (PP) e 8 abstencións (PS de G-PSOE)

Finalmente, adoptase por unanimidade o seguinte Acordo:

1º.-Pedir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá trate ó sector gandeiro galego como o sumidoiro para a súa produción láctea, o que favorece a discriminación de prezos das empresas sobre o leite galego.

2º.-Pedir aos ditos Ministerios que formulen nas instancias que correspondan e con urxencia as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo.

3º.-Trasladar á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e a comprometer que o futuro das axudas europeas estean ligadas á superficie agraria.

C) MOCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE RELATIVA Á SUPRESIÓN DA PAGA EXTRA DE NADAL 2012 AO ALCALDE, CONCELLEIROS CON DEDICACIÓNS E AO PERSOAL DE CONFIANZA.

O Sr. Blanco Carracedo, do grupo popular, xustifica a urxencia do asunto, tendo en conta que as nóminas que levan prorrata de paga extra xa comezan a reflexar a incidencia da aprobación do Real Decreto 20/2012 no relativo á supresión da paga extra de Nadal 2012.

***Sr. Alcalde:** Ben, algún asunto en relación á urxencia? Pois entón procedemos á votación.*

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

***Sr. Alcalde:** Ten a palabra o señor Alberto Blanco para explicar esta moción.*

***Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Ben, simplemente que visto o Real Decreto 20/2012 do 13 de xullo referente a medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento de competitividade, e en solidariedade co persoal laboral e funcionario do concello da Estrada, desexamos que este pleno aprobe a supresión da paga extra de Nadal 2012 ó alcalde, ó concelleiro de Economía e Facenda, Organización e Persoal, á concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación e Emprego e ó concelleiro de Eventos e Mercados xunto co persoal de confianza (Director de Réxime Interno, Xefa de Gabinete e Secretaria de Alcaldía).*

***Sr. Alcalde:** Moi ben, como ben saben, o Real Decreto ó que facía referencia o voceiro do Partido Popular non afectaba ós cargos electos e, polo tanto, era unha decisión voluntaria dos propios representantes políticos con dedicación exclusiva ou parcial continuar cobrando (como así nalgún concello así será), cobrar a paga extra de Navidad. En todo caso, a vontade e o criterio do goberno cando se decidía voluntariamente esa supresión da paga extra, feito que este goberno desde logo asume en solidariedade e tamén co resto dos funcionarios e laborais deste concello e que, entendemos que non pode ser doutra forma, que facer ese sacrificio para que entre todos poidamos saír canto antes desta situación económica adversa. Así que, esa á a proposta que fai este goberno, se hai algunha intervención? Sr. Magariños ten vostede a palabra.*

***Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Para que vexa o bo que son eu, eu non estou a favor de que se supriman as súas pagas extras, independentemente de que poida estar a favor ou en contra da contía dos salarios que perciben. Pero si do concepto do que é a paga extra. Porque non é, é unha demagogia o que se está facendo cos soldos dos cargos electos, aparte de todo iso, pero o que implica esa medida que tomou o goberno do Estado para a*

economía en xeral, concretamente para a economía do noso concello, o que implica que o persoal das administracións públicas deixe de cobrar unha parte do seu salario nun momento onde o comercio, o pequeno comercio sobre todo, fai unha parte importante das súas vendas ó longo de todo o ano, e vai o señor Presidente do Goberno e o seu equipo de goberno e decide aprobar unha medida que vai a parar moito máis a economía que, de por si, xa está parada polas medidas que se están tomando ultimamente e non solucionan os problemas nos que estamos metidos, e aproba unha medida que non leva a ningún lado. E como non estamos no BNG, non estamos a favor desa supresión da paga extra (xa supoño que saberán pola prensa que vamos a presentar unha moción pedindo que non se suprima esa paga extra), parécenos de xustiza que tamén o persoal político que está traballando, porque está traballando para o concello, repito, independentemente de que poidamos estar a favor ou en contra da contía que se cobra. Pero eu creo que quen está as vinte e catro horas a disposición da corporación municipal ten que ter un salario, non? Basicamente é un traballador e tamén ten dereito ó que se corresponde da paga extra. Entón tamén, non sería lóxico que, por un lado estaría defendendo que se lle aboe a paga extra ós funcionarios e persoal laboral do concello e por outro lado que vote a favor de que se lle retire ós cargos políticos e persoal de confianza político dos órganos de goberno deste concello. Por iso vou a votar en contra desa moción.

Neste intre abandonan a sesión plenaria os concelleiros do PSdeG-PSOE D.Manuel Sanmartin Obelleiro e Dna. M^a Montserrat Maceiras Vicente.

Sr. Alcalde: *Moi ben señor Magariños, así me gusta a súa coherencia e que vote en contra de que o goberno se retire a paga extra. Pero eu, sinceramente lle digo, con todo o cariño e con todo o respecto que iso de que haxa que responsabilizar a un goberno que leva sete meses de que a economía está parada e de que non se toman decisións, sobre todo cando un é funcionario; e vostede non fala, a veces tamén lle afecta a vostede directamente como funcionario, a supresión da paga extra, pero preguntelle ós miles e millóns de parados que hai en España e preguntelle á sociedade, á xente que está no día a día na calle, cal é a situación e a visión que ten da política, dos funcionarios, das administracións públicas e eu creo que aínda que sexa en xestos, que a veces poden parecer insuficientes, creo que aparte de selo temos que parecelo, todos, funcionarios, políticos e calquera persoa que dependa de calquera administración pública. E, polo tanto, creo que non sería digno, de ningunha maneira, que este goberno tomase outro acordo que non sexa este. O cal me sorprende moitísimo o seu voto en contra de que nós prescindamos da paga extra de Navidad. Me sorprende moito sinceramente. Pero tamén lle digo, e llo dixen antes, que desta situación saímos todos xuntos. Eu creo que esas intervencións cargadas de demagogia barata e de amnesia selectiva cando non queremos acordarnos de que o Bloque Nacionalista Galego apoiou durante catro anos os orzamentos do goberno de Zapatero, que nos levaron á recesión e á crise desde o ano 2007 ata o ano 2010, e foron vostedes cómplices e necesarios, porque non tiña maioría absoluta o Partido Socialista e o BNG dáballo ó botón do voto afirmativo dos orzamentos que nos levaron á ruína económica, que sexan agora precisamente o Partido Socialista e o BNG os que nos vaian a dar leccións de que é o que temos que facer para saír desta situación. É como poñer o raposo a coidar das galiñas, as galiñas teñen que estar cerradas no seu cerradiño e o raposo fóra para que non entre, pois se entra seguramente as coma e polo tanto como hai un partido que, normalmente a historia é así de cruel, pero lle toca sempre capear nas tormentas perfectas creadas por outros partidos. Nos toca navegar no peor momento, na peor situación e na peor crise económica que se recorda en moitísimos anos, na peor desde o ano 28, vai alá case un século, pois tócanos tomar decisións duras, comprometidas, pero eu creo, sinceramente, que nestes momentos é tempo de persoas responsables e comprometidas que saiban que seguramente non entren na política facer amigos, seguramente non, pero que entren en política a cambiar*

as cousas. E eu creo nesas persoas e non nas persoas que, en base á demagogia e en base a contidos ou a argumentos vacíos de contidos, que veña aquí a endulzarnos o oído, a decirnos que isto arréglase gastando máis, facendo planes E, gastando quince mil millóns, cambiando as aceras por outras, derrochando os cartos públicos, malgastando a mans cheas, gastando o que un non ten e desta saímos así. Eu creo, sinceramente que non, e de feito a historia así o di; os últimos catro anos é o claro resumo de que esas non son as políticas que nos levan a saír da crise, senón a profundizar a crise. Veremos cales son o resultado desta e o tempo vulgará tamén a cada un polas decisións que tome. Pero nós somos responsables, somos solidarios coa cidadanía e cos propios funcionarios, sabemos que hai que apertarse o cinturón e este goberno, aínda co rechazo do BNG vai a renunciar á súa paga extra, que é o que ten que facer por coherencia e por sensatez política. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Eu o que lle pido é que deixe a demagogia e deixe de utilizar as desgrazas alleas porque unha das cousas que máis me molestou do gran discurso que deu o Presidente do Goberno foi cando di que ós seis meses váiselle baixar a prestación ós desempregados para que busquen con máis aíncó traballo. E iso me viña á memoria un pariente meu onde a súa parella con corenta anos, xubilado, a punto da morte dúas veces no hospital, sen poder traballar, un crío de oito anos e despois de once anos dicíndolle ó seu xefe que “así non podemos levar a contabilidade, así vamos mal”, agora vai ó paro. E ter que aguantar iso é que me puxo, en fin, e ter que aguantar iso do alcalde, es que es el puto colmo. Deixede de utilizar a desgraza allea, e utilizar as desgrazas dos demais para xustificar a súa incompetencia.

Sr. Alcalde: Señor Magariños, non perda as formas, que xa lle digo que hoxe está moi nervioso e desde logo este non é o sitio para proferir ningún tipo de insultos. Sabe vostede que é unha persoa, non perda a moderación, eu creo que falando enténdese a xente. Creo que vostede ademais ten a frustración de pertencer a un partido que contribuíu a arruinar España, pero ese é un problema que ten que asumir vostede, é un problema que ten que asumir vostede e que polo tanto, desde logo, este goberno non vai a ser cómplice desa situación. Nós temos que tomar decisións, non nos queda máis remedio. Vostedes poden falar do conto e da historia segundo lle vai nela, a realidade é a que é e a nós por tanto, nos toca gobernar. Independentemente de que, xa lle digo, de que haxa xestos, eu creo que ademais de selo, os políticos debemos de parecelo, non? E ademais de ser honrados, debemos parecelo, e ademais de ser prudentes debemos parecelo; e polo tanto, lle recomendo tamén e isto é unha recomendación que lle fago con todo o cariño, que manteña vostede as formas no seu debate e que desde logo, estamos nunha sesión plenaria, non estamos nunha taberna para utilizar determinadas expresións que non veñen ó caso. Así que se lles parece ben procedemos a votar esta mocion extraordinaria. Sr. Magariños o seu voto?

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Non participo en xogos...

Sr. Alcalde: Polo tanto abstención. Moi ben, polo tanto contabilízase a abstención do BNG.

Finalmente adoptase por dezasete votos a favor (once do PP e seis do grupo PSdG-PSOE) e unha abstención (do BNG) o seguinte Acordo:

-Visto o Real Decreto-Lei 20/2012 do 13 de xullo, referente ás medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento de competitividade, e en solidariedade co persoal laboral e funcionario do Concello da Estrada,

ACORDAMOS:

-Suprimir a paga extra de Nadal 2012 ao Alcalde, ao Concelleiro de Economía, Facenda, Organización e Persoal (D. Alberto Blanco Carracedo), á Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación e Emprego (Dna. Amalia Goldar Cora) e ao Concelleiro de Eventos e Mercados (D. Nemesio Rey Pazos) xunto co persoal de confianza: Director de réxime interno, Xefa de gabinete e Secretaria de Alcaldía.

***Sr. Alcalde:** Algunha outra moción de urxencia? Pois pasamos logo á parte de control da xestión.*

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2012.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

***Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE:** Ben, visto o visto, vámolos a deixar así porque bueno, dicíase aquí nalgún momento que, ademais de que hai que parecer honrados, non hai que parecer hai que selo, se me permite.*

***Sr. Alcalde:** Perdoe un momento, sabe vostede, estamos hoxe un pouco acelerados, sabe vostede que hai que manter as formas, pide vostede a palabra, eu concédolle a palabra, e partir de aí comece a súa rolda de rogos e preguntas. Porque ademais eu creo que non merece perder as formas nun debate plenario que sabe vostede que leva ese tipo de trámite. Polo tanto, algunha intervención neste capítulo de rogos e preguntas? Ten vostede a palabra, Sra. Louzao.*

***Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Moi ben, coa venia, Sr. Alcalde. Ademais de ser honrados, de querer parecelo, hai que selo. Iso é fundamental. Polo tanto, queremos facer un rogo neste pleno que é que se manteñan as formas e que se manteña o respecto ó resto dos outros partidos porque detrás hai persoas, polo tanto, que se respecte ós membros desta corporación. Agora, como dicía ímolo deixar así, pero os veciños de Santeles nos trasladaban unha pregunta o outro día que se nos dixo que se nos ía a dar cumprida resposta porque naquel momento non se sabía e nos parecía lóxico; simplemente queremos*

saber con que concelleiro ou con que departamento do concello temos que falar para obter a resposta que se nos dixo que se nos ía a facilitar. Grazas.

Sr. Alcalde: Pois esa resposta lla facilito eu sobre esas dúas obras que creo que eran, dous asfaltados de dúas pistas en Santeles. Esas obras creo que foron solicitadas a través do PEIM do ano 2010. Foron obras que non entraron dentro dos proxectos prioritarios, senón que quedaron pendentes de executar en función da posibilidade presupuestaria. Non houbo posibilidade presupuestaria e, polo tanto, quedaron sen executar dentro do plan de investimentos que correspondía ó exercicio 2011 ou melloras do PPC. Quedaron pendentes de executarse porque non se chegaron a executar esas melloras, as obras que foron no PPC foron consumindo a totalidade orzamentaria e non había posibilidade de desarrollalas. Algunha outra intervención? Ten a palabra.

Sr. Picaño Riveira, do PSdeG-PSOE: : Bueno, boas tardes. Aínda que o corazón me pedía marcha daquela porque se saíu un pouquiño de tono, teño un par de preguntas da parroquia e que se poden trasladar a algunha máis. Non se fixo un desbroce na parroquia como tódolos anos e me preguntan os veciños o porque. Deuse alí tres ou catro metros arredor do campo da festa e o resto quedou todo sen desbrozar. E quería saber por que e como está o tema.

Sr. Alcalde: Moi ben, Sr. Picaño. Pois sabe vostede que tivemos durante moitos meses un tractor de desbroce parado por problemas dun dos seus condutores, tivemos dous tractores traballando e ademais ca temporada que tivemos, a temporada de chuvias este verán, a verdade é que foi bastante duro os labores de desbroce. Fixemos un esforzo por intentar incrementar estas cuadrillas. Creo que desde fai tres semanas temos operativas cinco brigadas de desbroce, cinco tractores traballando, un deles exclusivamente nas pistas da Deputación Provincial e outros catro en pistas municipais, para intentar chegar a desbrozar o máximo posible ás parroquias. Descoñezo cal é a situación da parroquia de Ribeira, e entendo que estamos intentando nesta temporada chegar a tódalas parroquias, sobre todo durante a época das festividades en cada unha das parroquias e seguramente haxa que mellorar esa xestión, a xestión do desbroce pero, tamén coincidirá comigo en que as condicións climatolóxicas axudaron pouco a manter un desbroce o suficientemente adecuado, para poder dar tamén unha imaxe de limpeza nas nosas vías municipais. Pero estamos esforzándonos e, como dixen antes, actualmente temos catro brigadas municipais e unha brigada da Deputación facendo ese traballo e tamén condicionado un pouco a ese compromiso por parte deste goberno de non seguir incrementando o gasto corrente, de facer unha contención do gasto. E iso ten a súa repercusión porque como sabe vostede as brigadas de desbroce consumían unha cantidade moi importante de horas extras tódolos anos e este ano se tomou a decisión de reducir considerablemente o pago de horas extras para rebaixar o gasto público e rebaixar o gasto corrente deste concello e polo tanto iso, inevitablemente redunda no servizo. E temos que intentar facer o mesmo que se facía antes con menos recursos pero é a nosa responsabilidade e polo tanto así o asumimos.

Sr. Picaño Riveira, do PSdeG-PSOE: Moi ben, pero eu que lle digo ós meus veciños?, que se lle vai desbrozar ou que non? sen tanto rolo, que lles digo?, que se lle vai desbrozar?, que non?, cando?

Sr. Alcalde: Se fora tan contundente na súa pregunta tería unha resposta. Vostede non preguntou cando se vai a desbrozar, vostede preguntou que foi o que pasou cando na festividade solo se desbrozou a corenta metros do campo da festa. Estoulle explicando os motivos polos que se desbrozou a corenta metros do campo da festa. Se vostede me pregunta agora, que está no seu dereito, cando se vai desbrozar, lle podo dicir que están as

brigadas facendo traballos de limpeza e tomaremos nota para que no caso de que Ribeira quedase retrasada neses traballos de desbroce, se proceda o máis antes posible a facelos dunha forma adecuada.

Sr. Picaño Riveira, do PSdeG-PSOE: *Moi ben, moitas grazas. Outra pregunta, alí os veciños de Vilar, tamén en Ribeira, é sobre un contedor. Supoño que vostede non ten coñecemento de todo pero é a vostede a quen me teño que dirixir, entón, faltou un contedor alí fai dúas ou tres semanas e segundo parece xa o alcalde de barrio, eu díxenlle que era con quen tiñan que falar, que segundo parece xa o transmitiu aquí, non sei a quen. E bueno, pois que lles fai falta alí un contedor porque según eles o roubaron. En todo caso, faltou. E quería saber si se lle ía repoñer ou non? Nada máis.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, pois tomamos nota dese rogo e o concelleiro xa se encarga de facer a reposición dese contedor. Algunha outra intervención? Ten a palabra, señor Magariños.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Teño catro rogos e tres preguntas, en principio. O primeiro rogo é que se fagan as xestións para que se desbroce a estrada Portela – Souto de Veá, mentres non se inicien as obras de reparación, porque está nunha situación que afecta á seguridade vial.*

O seguinte rogo é que se limpen os vertedoiros incontrolados de entre As Pontes de Pocañas e As Pías, no río Veá, que nos trasladan veciños do entorno.

Que se coordinen co concello veciño de Teo, outro rogo, que se coordinen co concello veciño de Teo para a limpeza da Ponte Vella de Pontevea, que tamén está nun estado lamentable e, como en principio é competencia das dúas corporacións pois coordinarse con eles para proceder á súa limpeza nun elemento de interese turístico para ambos concellos.

Outro rogo é que se repare unha papeleira e que se endereite unha árbore situada na rúa Calvo Sotelo, á altura do centro de exposicións de Caixanova, que leva varios días nun estado que podíamos definir de non apropiado, tanto para a papeleira como para o pobre árbol.

Despois, tres preguntas. No pleno anterior fíxenlle o rogo de que se limpasen as áreas recreativas da praia fluvial de Liñares e de Barcala e seguen sen limpar. Sobre todo na da praia fluvial que fai dúas semanas houbo a festa do socio cunha afluencia importante e de xente de fóra do noso concello e bueno, demos unha imaxe das áreas recreativas bastante penosa. Contéstanme ou sigo cas preguntas e contéstanme todas xuntas?

Sr. Alcalde: *Si, contéstolle. En relación ó desbroce de Portela – Souto de Veá sabe vostede que, felizmente, esa obra se vai a executar con 890.000 euros de inversión pública, 150 millóns das antigas pesetas, para facer unha mellora integral dun tramo de carreteira de sete kilómetros que tiña unha demanda de lustros, seguramente, por parte dos veciños, para ser arranxada. No peor momento, como dicíamos antes, cando menos recursos hai, conseguimos que a Deputación de Pontevedra inverta cerca de 900.000 euros para a reforma dese vial e para a mellora da seguridade vial con case dous kilómetros de sendas peatonais. Como iso non é interesante, obviámolo, non? Ademais, sabe vostede que esa obra empezou xa a súa licitación e, previsiblemente no mes de outubro, empezaremos cos traballos de reparación, o que vai a levar unha actuación importante de conservación de toda a carreteira e ademais, sabe vostede tamén, que nese calendario de desbroce que temos, está prevista a limpeza desa estrada aproximadamente, en torno ó 18 ou 20 de agosto pola proximidade das datas de verán e das festividade das parroquias que afectan a esa carreteira. Está prevista xa na planificación e xa neste mes de agosto se procederá ó seu desbroce inicial para posteriormente empezar cos traballos de mellora do tramo, dese tramo de sete kilómetros e mellora da seguridade vial que, eu creo que vai a supoñer un avance*

moi importante para toda a zona de Veá, que desde logo é unha demanda veciñal e que ten un compromiso do goberno.

En relación ás áreas recreativas, xa lle dicía ó señor Picaño, e dígollo tamén a vostede: aquí non se dan feito milagros. Non damos chegado a case 2.000 kilómetros de carreteras asfaltadas titularidade municipal que ten o concello da Estrada. Son 2.000 kilómetros de estradas municipais que teñen que ter un mantemento e na medida das posibilidades, con menos recursos, se está intentando facer. E iso nos limita pois posiblemente, non limpar a área recreativa que lle recordo que está do outro lado do río, onde a praia fluvial. Realmente se traballou coa sociedade para acondicionar na medida do posible as instalacións, as inmediacións coa sociedade, o que se nos pediu por parte da sociedade Río Ulla; se fixo o traballo de acondicionamento, se conseguiu área para recuperar a praia, se fixeron actuacións encamiñadas a esa festa do socio e en ningún caso entendemos prioritaria a limpeza desa área recreativa que cando haxa posibilidades, igual que algunha outra, se fará. Pero, mentres tanto, entendemos que o prioritario é a seguridade viaria, polo tanto, prioritario é que acondicionemos o mellor posible as pistas de titularidade municipal para que esas herbas que crecen agora, neste ano, impidan sobre todo o paso de peóns e prexudiquen a seguridade viaria dos nosos veciños. Ese é o obxectivo que nos marcamos, nesa liña, hai un calendario de desbroces, como se leva facendo durante moitos anos neste concello e se chega, dunha forma, digamos aceptable (non óptima nin extraordinaria, pero si aceptable) ós máximos sitios posibles tendo en conta esa extensa rede viaria que temos no noso concello e que tan complexa é de manter. E xa lle digo, agora con menos recursos e con menos persoal porque prescindimos fundamentalmente dese pago de horas extras que supoñía un lastre considerable para as arcas municipais.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *: Eu xa lle dixen no primeiro punto, no desbroce da estrada Portela –Souto de Veá que eu xa sabía que se ía a iniciar esa obra no mes de outubro; e, loxicamente, se coñecera o calendario non lle preguntaría. Se soubera que se ían iniciar o 18 ou 19, pois mira, vaise iniciar o 18 ou o 19 cando está rematando a temporada de verán e a temporada de praia, pero bueno.*

Seguinte pregunta, ten pensado o goberno dar os pasos necesarios para adicarlle unha rúa á corporación municipal da Estrada fusilada en 1937 dado que este ano se cumpre, se conmemora o 75 aniversario?

Sr. Alcalde: *O goberno municipal agora mesmo ten prioridades máis importantes que pensar en adicar calles. Desde logo, agora mesmo a sociedade o que nos pide son outras actuacións e creo que haberá momentos para valorar a posibilidade de valorar a corporación municipal que outras personalidades ilustres que poidan ter méritos mais que suficientes para poder ter unha rúa adicada no noso concello. Pero agora mesmo hai que predicar dando trigo, non vale agora predicar; e que a xente perciba que entre todos somos capaces de mellorar e de saír desta situación económica. E home, tamén lle digo, o tema de dedicar calles está moi ben, é un xesto bonito pero creo que o que temos agora mesmo é centrar no que realmente lle toca ós veciños e non alonxarnos cada vez máis desa realidade e desa necesidade que teñen os veciños que, agora mesmo, son necesidades básicas fundamentais; e desde logo cando se fala de necesidades básicas fundamentais eu creo que non está a cousa para falar de temas que son secundarios e que, en todo caso, poden ser importantes, e non transcendentales neste momento, nin urxente acometer ese tipo de decisións.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Bueno agora vai unha pregunta que lle interesa ós veciños e que ten que ver con dar trigo. Cando imos ter noticias do PXOM?*

Sr. Alcalde: Pois este goberno ten noticias tódolos días. Estamos traballando dunha forma intensa como nos corresponde ademais e como é a nosa obriga, estamos facendo un esforzo importante, espero que a oportunidade política despois non faga dicir que “donde dije digo digo Diego” e o BNG se despache tamén cunha iniciativa pola porta de atrás pedindo que non se actualicen os valores catastrais por exemplo, por exemplo, que é a súa estratexia preferida, facer demagogia con todo, absolutamente con todo o que tocan; e polo tanto o plan xeral vai ser unha realidade. Eu espero que, desde logo, tamén sexa esa ferramenta que nos permita empezar a atisbar unha mellora na situación económica e para A Estrada pode ser unha palanca de desenvolvemento importante e en iso estamos intentando traballar. Recórdolle porque xa llo dixen máis dunha vez e despois, non quero que dentro dun ano veña aquí dicindo “donde dije digo digo Diego”, e despois, recórdolle e despois ponencia de valores e aí en onde van a vir os famosos problemas do BNG que lle recordo tamén coa súa teima que lle saíu moi ben fai uns cantos anos, esa representación teatral que fixeron no peche neste concello. Recórdolle que puxemos unha oficina a disposición dos veciños para ver as valoracións catastrais e me parece recordar de memoria que foron ochenta as consultas de trece mil propiedades que hai no concello da Estrada, ochenta as consultas que se fixeron durante dous meses. Pechamos a oficina porque xa non había máis consultas, polo tanto, os técnicos que estaban aquí se foron xa para Pontevedra. Quérolle recordar que agora é momento de responsabilidade e de seriedade nas propostas e de rigor e, polo tanto, espero que non sexa moito pedir a todos que, nestes momentos, nos temas importantes e nos temas capitais esteamos xuntos e non fagamos conxecturas, nin fagamos nin enredemos con temas que desde logo non veñen a conto e que o único que fan é prexudicar o obxectivo final que eu creo que temos todos. E un deles é a aprobación do Plan Xeral por suposto.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Vale, aí está, non enredemos. Eu pregunteille polo PXOM, non pola ponencia de valores. Pero bueno. Falando de seriedade, nunha comisión de principios de ano, por aí, se nos falaba que iamos ter os primeiros datos, a primeira información, poñendo un prazo así, en tres meses, que era o mes de maio. Non fixemos, nin o grupo socialista nin o BNG ningunha pregunta. Entón claro, eu preguntome, debe de haber algún tipo de problema porque cando había uns prazos para dar a primeira información, estamos a principios de agosto e non temos ningunha información do PXOM, repito do PXOM (eu non lle preguntei pola ponencia de valores para nada) e estamos sen información, eu digo: algo ten que pasar porque os tres meses que ían alá para dar os primeiros datos que foron as súas palabras, para dar un pequeno esbozo do que ía ser, os tres meses foron completos. E neses tres meses nadie preguntou, fomos responsables. Pero claro, chega un momento que é a nosa obriga preguntar porque non hai información sobre o PXOM.

Sr. Alcalde: Que nadie preguntara non quere dicir que non foran responsables. Eu vin algún partido político falando da necesidade dunha nova información pública e que era desde logo sospeitoso o que estaba acontecendo en determinados temas. A prudencia, desde logo, e valga este pareado, brilla pola súa ausencia nalgunha formación política. O que si lle digo é que estamos a traballar no PXOM, eu xa lle dixen, retiramos o contencioso. Vostedes deixaron un Plan Xeral metido no xulgado. Ese é o resumo de catro anos de xestión. Este goberno retirou o Plan Xeral dun xulgado, tiña un contencioso-administrativo que era un camiño sen retorno que non ía a ningún lugar. Retiramos ese contencioso-administrativo, sentámonos a negociar coa Consellería, negociamos unhas condicións mínimas do documento do Plan Xeral axustado ó plan que foi a exposición pública cunha adaptación á lei que está en vigor, que xa tiña que estar adaptado porque recórdolle que a lei aprobouse en abril do 2010 e as eleccións foron en maio do 2011. Un ano despois non foron quen nin de facer nin unha soa adaptación a esa lei do ano 2010. Polo tanto, a nosa obriga era facer as adaptacións oportunas e se vostedes houberan feito, o Plan Xeral hoxe xa estaba

aprobado, non as quixeron facer e decidiron metelo no xulgado. Polo tanto, agora estamos facendo as adaptacións, negociando coa Consellería para ter as garantías que no momento en que o documento reúna os requisitos da tramitación necesarios a nivel municipal e a nivel Xunta de Galicia e que temos un documento máis ou menos sólido para poder ser defendido, plantexaremos desde logo o debate e a opinión das distintas formacións políticas sabendo que o único que se está facendo é coller o Plan que vostedes deixaron no xulgado, sacalo do xulgado, modifícalo e adaptalo á lei, facer as adaptacións pertinentes e unha vez que teñamos o plan feito e modificado o traeremos para debate, a tramitación e aprobación. Téñao por seguro. Eses son os obxectivos que nos marcamos e, de momento, estamos intentando cumprir o que se dixo. O obxectivo é ter o Plan Xeral aprobado neste ano. É o obxectivo básico que ten este goberno e esperamos, que estamos poñendo os medios todos necesarios para que así sexa. Esa é a nosa expectativa e terán tamén vostedes cumprida participación en todo ese proceso.

Algún rogo ou algunha pregunta máis? Polo regulamento de participación cidadá, se alguén, algunha persoa do público asistente quere facer algunha pregunta ou algún rogo, ten dereito a poder facelo e se non procedemos por tanto a levantar..., si, perdón, ten que acercarse aquí e identificarse, aportar o DNI. Ten vostede a palabra.

Sra. María Jesús Souto Goldar: *Ola, boa tarde, simplemente quería, eu a modo particular agradecer ó pleno a día de hoxe que aprobara a moción, aínda que tamén penso que é o seu traballo axudar ós veciños a buscar unha solución a este abuso, porque xa desde o 8 de febreiro que presentamos un escrito no rexistro do concello solicitando que se nos buscara unha solución, pois a día de hoxe o único que temos, eu falo a modo particular, iso que quede claro, o único que temos a día de hoxe é os recibos esperando para que os paguemos, non temos outra cousa. Por iso a urxencia e por iso agradecemos que aprobaran a moción e nos deixen de dicir que non se pode facer nada, que hai outros que están peor e esas cousas que non nos solucionan nada. Ademais, os propietarios que temos fincas dentro do polígono, eu polo menos, non me considero máis afortunada que os que as teñen fóra, basicamente o que teño é cacho dentro cacho fóra, entón non sabes nin que facer, seguir como se nada e dicir vamos a plantar aquí uns árbores, ou se esperar a un polígono que está en proxecto sectorial aprobado así pola Xunta de carácter supramunicipal, sen cartos para executalo e dicir, “bueno dentro de vinte anos se non hai nada vou e plántolle árbores, mentres espero”. Entón, non me considero para nada afortunada porque estea afectado o terreo por un polígono que non existe e que non se para de falar de abrir viais, de vender a galiña dos ovos de ouro pero que a día de hoxe non hai nada. O que hai son os recibos para cobrar. Entón agradezo que se busque unha solución para os pringaos que estamos prexudicados aquí. Moitas grazas.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas pola intervención. Simplemente destacar que o que se fixo hoxe, deixalo claro, non foi aprobar a moción que estaba plantexada. O que fixemos foi iniciar, pedir os informes para iniciar os trámites para a posibilidade de buscar unha especie de exención sobre eses terreos. Tamén digo que este é un tema que abre un precedente, pode sentar un precedente e hai que ser sensato con esa situación, o precedente é que cando se aprobe o Plan Xeral, centos ou miles de propietarios van a estar na mesma situación que os propietarios da Cidade do Moble. Que os seus solos urbanizables ou solos urbanos non consolidados en desenvolvemento posible e pagando unha contribución sobre unha expectativa que teñen de cara ó futuro. Polo tanto, estamos falando de precedentes, que o IBI será un imposto máis xusto ou menos inxusto que outros eu non entro a valoralo, pero é un imposto que grava a propiedade en favor do valor. A propiedade que ten e con iso coincidiremos todos, non ten o mesmo valor que unha finca quede en solo rústico de por vida, condicionada e condenada a ser solo rústico de por vida, co valor que teñen as propiedades en solo rústico e os que estamos aquí sabe perfectamente o que valen, que é*

practicamente nada, a unha propiedade cunha expectativa de ser un solo urbanizable industrial. A situación é completamente distinta. Outra cousa é que bueno, se eu estivera afectado tamén pediría non pagar, evidentemente, e eu sería o primeiro que reclamaría non facer o pago dese imposto, pero a realidade é a que é. Nos enfrontamos a unha realidade que vai a ser multiplicada por cen o que nos vai a pasar no momento de aprobación do Plan Xeral, ca cantidade de bolsas de suelo urbanizables ou ca cantidade de bolsas de suelo urbano non consolidado, que non van a ter os viales, non van a ter as urbanizacións, que van a quedar para desenvollos urbanísticos de futuro, que non se sabe cando se van a facer pero que teñen unha expectativa económica e esa expectativa, supoño que todos coincidiremos que o IBI debe de gravar esas expectativas, e o valor da propiedade vale en función do que se poida facer nela. Non é o mesmo ter unha finca que vale para plantar carballos que unha finca que ten a posibilidade de valer para construír naves industriais, non vale o mesmo. Esa é a realidade, por iso eu digo que o analicemos con prudencia, que o vexamos e que pidamos os informes municipais pertinentes. Iso de que este goberno non fixo nada, eu pódolle garantir que os técnicos municipais están consultados todos e sobre as posibilidades distintas que se nos abrían ó concello á hora de afrontar este problema, a ver se agora o ven cun ollo máis fino. Ata agora non había esa posibilidade e iniciemos o trámite e veremos que é o que sae diso e desde logo, en función desa decisión, eu o que poño encima da mesa é que debemos ser coherentes co precedente que se pode crear a posteriori despois ca aprobación do plan xeral e ca clasificación dos distintos solos que van a quedar no ámbito urbano e que desde logo vai a ser un precedente moi importante. Pero, creo que en todo caso quedou claro o compromiso desta corporación e falo en nome dos tres grupos políticos, de estudar as distintas vías, as distintas oportunidades que se nos plantexen e en función diso e en función da súa legalidade tomar unha decisión que sexa o mellor para todos e por suposto o mellor para os veciños.

Algunha outra intervención? Pois se non hai máis asuntos agradecerlle a presenza a tódalas persoas que hoxe nos acompañaron e ós concelleiros tamén. Felicitar (por iso ó mellor estaba algo nervioso) ó Sr. Magariños, que está hoxe de cumpreanos e ó mellor era por iso polo que tiña algo de nerviosismo neste pleno, o que pasa é que o entendemos e o desculpamos

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Ó mellor é que ó facerme máis vello fágome menos prudente.*

Sr. Alcalde: *O desculpamos porque hoxe seguramente estaba nervioso polo cumpreanos, e o felicitamos. Moi boa noite a todos.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte unha horas e cincuenta e cinco minutos.

A Estrada, 2 de agosto de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González